

MATERIAIS DE TRABALLO SEMANA DO 16 AO 22 DE MARZO

- Para resolver os exercicios lembra axudarte cos dicionarios dos que dispoñemos en rede:
DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA <https://academia.gal/dicionario>
DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA <https://digalego.xunta.gal/>
- Ademais dos exercicios debes repasar a conjugación verbal a través dos xogos propostos na web **O XIMNASIO DOS VERBOS** <https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/> seguindo a ruta: menú, xogos, alternancia vocálica ou verbos irregulares.
Esta web tamén permite antes de pasar aos xogos facer un adestramento previo e aprender trucos para a aprendizaxe da conjugación verbal.
- Podes contactar comigo para calquera dúbida no enderezo electrónico: belitroques@gmail.com (quen non entregase algún dos traballos do trimestre lembrade enviarnos tamén ó correo).

ACTIVIDADES (PODES IMPRIMIR ESTAS PÁXINAS OU RESOLVELOS NO CADERNO)**1. Completa con *b* ou *v*:**

- ___ ai ___ ir o mensaxeiro porque hoxe imos reci ___ ir un paquete.
- Non sa ___ ía que anda ___ ades xuntos, foi unha mara ___ illosa sorpresa.
- Se tanta sede tes, ___ e ___ e auga da ___ illa.
- ___ ouse cam ___ iar de compañía de telefonía mo ___ il; elixirei unha máis ___ arata.
- Xa sa ___ ía que o ías facer; ademais regalanche unha terminal no ___ a.
- Imos de ___ acacións a unha casa á ___ eira do mar, en ___ aiona.
- Es pouco responsa ___ le, de ___ erías coidar máis a túa a ___ oa.
- O aci ___ ro usá ___ ase para facer os mangos das ferramentas.

2. Identifica no seguinte texto narrativo as partes que se indican abaixo.***Orfeo e Eurídice***

Orfeo, ademais de ser poeta, tocaba a lira tan ben que non só podía amansar as feras coa súa música, senón tamén facer que as penas e as árbores se movesen para seguilo. Un desgraciado día, a súa fermosa muller, Eurídice, pisou unha cobra durmida, e esta espertou e mordeuna. Eurídice morreu a causa do veneno e Orfeo atreveuse a baixar ao Tártaro tocando a súa lira para rescatala. Enfeitizou de tal xeito ao barqueiro Caronte que este conduciu á outra beira do río sen lle cobrar nada; enfeitizou tamén o Cérbero e fíxoo laiarse e lamberlle os pés; enfeitizou as Furias e obrigounas a deixar as súas trallas e a escoitalo, parando mentres tanto todos os castigos; enfeitizou a raíña Perséfone, facendo que lle revelase o contrasinal secreto para a Lagoa do Esquecemento; e, en fin, enfeitizou tamén a Hades, facendo que ceibase a Eurídice e que lle permitise volver con el á terra. Hades non puxo máis ca unha condición: que Orfeo non mirase para atrás ata que Eurídice estivese a salvo baixo a luz do sol. Así partiu Orfeo, cantando e tocando alegremente. Eurídice seguía pero, no último instante, Orfeo temeu que Hades o estivese enganando e, esquecendo a condición que lle impuxera, tornou a vista con degaro para mirar a Eurídice... E perdeuna para sempre.

Robert Graves, *Os mitos gregos*

- *Acontecemento inicial* →
- *Reacción ou resposta* →
- *Acción que desencadea* →
- *Desenlace* →

3. Contesta co que lembres do estudado no 1º e 2º trimestre, podes botar man de internet para ampliar información:

- Que importancia tivo o Camiño de Santiago na conformación da lírica medieval galego-portuguesa?
- Que dous grandes tipos de composicións líricas conservamos da etapa medieval?
- Que son os cancioneros? Cales son os principais códices conservados?

4. Este texto é incoherente porque se mesturaron dous temas diferentes. Sepáraos.

O pracer que se sente cando se conduce rápido é fácil sentilo tamén cando se conduce a menor velocidade. Os deportistas que parece que tiveron máis éxito nesta última olimpíada competiron en wáter-polo e en vela. A moto que se presenta gañou a súa fama de versátil. Trátase dunha bicilíndrica de peso medio, moi accesible, especialmente indicada para persoas con pouca experiencia ou que só a precisan para ir e vir de traballar. Con todo, estamos ante un vehículo cunha capacidade deportiva real. Tamén foron destacados os éxitos alcanzados noutras disciplinas acuáticas de equipo.

5. Copia no caderno as seguintes oracións completándoas coa palabra axeitada de cada par de homófonas. A continuación escribe unha oración con cada unha das palabras.

- Levamos as fotos da viaxe a (REBELAR / REVELAR).
- Sabedes moi (VÉN / BEN) que vos estamos falando en serio.
- O (VESTIARIO / BESTIARIO) do equipo local tiña unhas dimensións moi reducidas.
- No souto próximo á nosa casa os castiñeiros están moi (VASTOS / BASTOS).

6. Explica os diferentes significados que pode ter cada unha das seguintes palabras polisémicas.

CABO
GATO
MIOLO
ESTRELA
PAPEL

7. Completa as palabras coas grafías que representen os sons G, K, Z, R suave e R forte.

in__edo	mo__no	fol__
__iso	a__epta__	__a__ate
__in__o	ma__ón	an__o__a
__iwi	__unido	fe__o
__iso	lu__	__arao__e

Le o seguinte texto e busca no dicionario todas as palabras que descoñezas:

A chamada

Agardaba a súa chamada. Tombada sobre a cama, miraba para o teito sen velo. Estaba bastante farta da familia. Lembraba agora, paseniño, cando o coñecera nos xardíns. Ela estaba sentada xunto aos bambáns cos amigos, cando chegara un do grupo con el e o presentara dicindo que acababa de mudarse a esta vila coa familia. Nos días seguintes descubriran que se gustaban e que se atopaban ben xuntos. Había outras e outros, pero entre eles corría un fío invisible de luz e enerxía que escintilaba cando as súas olladas se cruzaban. «Que queres facer de maior?». «Compartir a miña vida con alguén coma ti». E un bico cruzou o espazo cabalgando sobre uns sorrisos.

Irremediabilmente, as familias remataran sabéndoo. E fixeran bromas. Que se non tiñan idade para iso, que se parecían nenos, que se xa estaba ben, que se... Pois non! Non eran nenos! Eran unha muller e un home! E se non había idades para odiar, tampouco as habería para amar... Ou?... Que ganas de amolar, carafio! Ela propúxolle marcharen xuntos por aí e el respondeu que non poderían sobrevivir economicamente, que

necesitaban as familias. Pero, ante a cara de desilusión dela, prometeulle pensalo e, se chegaba á conclusión de que si, chamaríaa ao día seguinte pola mañá e fuxirían esa mesma tarde. O repenico do teléfono fixo que o corazón lle brincase no peito. Escoitou pasos que se achegaban ao seu cuarto. Petaron na porta e... o sorriso da súa neta máis nova encheu de ledicia a estancia: «Avoa, chámante ao teléfono».

LOURDES MACEIRAS, *A chamada* (adaptación)

8. No texto *A chamada*, o narrador utiliza a 3.^a persoa para relatar os feitos, pero faino adoptando o punto de vista dun dos personaxes.

Explica de que personaxe se trata e determina se é principal ou secundario.

9. Indica que tipo de texto é o anterior segundo a forma do discurso e segundo a intención comunicativa.

10. Explica por que a palabra *fío* é polisémica e indica con que significado concreto se emprega no texto.

11. Localiza no texto exemplos dos elementos que se indican.

- Dúas palabras con prefixo.
- Dúas palabras con sufixo.
- Unha palabra formada por un único fonema.

12. Procura no texto exemplos dos elementos que se indican a continuación:

- Unha única grafía que represente, en palabras distintas, sons diferentes.
- Un son que se poida representar con máis dunha grafía.

13. En que xénero literario encadrarías o texto?

14. Le o seguinte texto e busca no dicionario todas as palabras que descoñezas.

Se realmente queredes saber de que vai esta historia, a primeira cousa que debe interesavos é onde nacín e como foi a miña piollosa infancia, en que andaban atarefados meus pais antes de eu vir ao mundo e todas esas paridas estilo David Copperfield. Pero non me sinto como para meterme niso. En primeiro lugar, abúrreme, e en segundo, aos meus pais daríalles unha tarantela se eu contase algo persoal sobre eles. Son moi melindrosos para estas cousas, especialmente meu pai. Son boa xente e todo iso, non digo que non, pero melindrosos coma o demo. Ademais, non vos vou contar toda a miña maldita autobiografía nin nada semellante. Só vos contarei a loucura aquela que me pasou no Nadal, antes de me pór moi malo e ter que vir aquí a recuperarme.

J. D. SALINGER, *O vixía no centeo* (adaptación)

a. Que tipo de narrador relata os feitos? Elixo e xustifica:

Narrador interno.

Narrador externo.

b. Cal é a persoa gramatical que utiliza?

c. A que parte da estrutura narrativa (presentación, nó ou desenlace) cres que corresponde este fragmento da novela *O vixía no centeo*? Xustifícao brevemente.

15. Escribe seis palabras que pertencen ao campo léxico da infancia.

16. Explica brevemente o significado das seguintes palabras:

FOTOFobia
BIBLIOfilia
ANGLOfilia
CLAUSTROfobia

17. Imaxina que o fragmento da novela *O vixía no centeo* recolle a declaración que unha persoa fai nun xuízo diante dun tribunal. Responde de xeito razoado:

- Nesa situación comunicativa, o texto resulta adecuado aos destinatarios? Por que?
- Resulta adecuado ao contexto?

18. Sinala se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións. Despois, volve escribir as falsas transformándoas en verdadeiras cos datos que recordes do estudado no 1º e 2º trimestre.

- Na Idade Media o latín usábase na oralidade e o galego, na escrita máis formal.
- O idioma galego naceu arredor do século XV.
- Só os galegos escribían lírica en lingua galega na Idade Media.
- Na Idade Media os nobres galegos falaban castelán.